

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Vilagarcía de Arousa para que adopte as medidas precisas para dar cumprimento ao disposto no artigo 22.5 da Lei 3/2007.

Expediente: F.11.Q/15/22

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. xxx referente ao incumprimento da lexislación de prevención de incendios forestais en parcelas do Concello de Vilagarcía de Arousa.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicaba o reiterado incumprimento das obrigas de limpeza de numerosas parcelas situadas nunha zona de monte na entidade de Castrogudín, na parroquia de Cea, Concello de Vilagarcía de Arousa. De feito, existen nesas parcelas especies arbóreas pirófitas prohibidas pola Lei 3/2007 e sitúanse preto a invernadoiros, vivendas e estradas de comunicación.

Este expediente foi obxecto dunha prolongada tramitación, desde principios do pasado ano 2022. Tras requirirille a remisión de información complementaria na data do 28 de febreiro de 2023, cun primeiro requirimento do 8 de xuño, na data do 3 de xullo foi recibido o informe dese concello.

A información remitida consiste nun PDF de 221 páxinas que semella recoller o expediente íntegro. Nesa tramitación constan, aos efectos que interesan nesta queixa, os requirimentos de limpeza cursados polo concello entre o 30 de marzo e o 20 de abril aos diversos propietarios, concedéndolles un prazo de dez días para executar os traballos, baixo apercibimento de incoar expediente de orde de execución e sancionador de persistir o incumprimento. Constan algúns escritos aclarando o cambio de titularidade dalgunhas parcelas e un novo informe da arquitecta técnica municipal de 23 de xuño no que constata a falta de limpeza do monte.

Nese mesmo expediente municipal figuran novas de prensa sobre os devastadores incendios que teñen afectado a esa zona, o máis recente no mes de agosto de 2022, no que o lume arrasou máis de 450 hectáreas de monte e ameazou dúcias de vivendas entre Vilagarcía de Arousa e Caldas de Reis e os núcleos habitados en Cea, Castroagudín e Aldea de Arriba.

No informe remitido polo concello comunicanos o seguinte :

“Expediente: MA-17/19.

*Emítese o presente informe en resposta a solicitude de informe formulada pola Valedora do Pobo de Galicia, mediante escrito con R.E nº 2023008662 do 12.06.2023, en relación á queixa formulada por don xxx, polo incumprimento dos propietarios de determinadas parcelas de Castroagudín, na parroquia de Cea, da obriga de mantelas limpas de maleza, xestionando a biomasa vexetal e retirando as especies arbóreas non permitidas na lei 3/2017, do 9 de abril, de prevención de defensa contra os incendios forestais de Galicia.*

*Na solicitude de informe interesa que se esclareza a situación real das parcelas denunciadas, (961,963,964,965,967,968,969,980,958,959,956,955,957,954,952,951,950,948,949,947,946, 945,944,943,953,941,939,938,937,936,935,934,933,932,930,929,928,927,975,976,977,978,979,980,981,982,983,984,985,986,987,988,989,990,991,992,993,994,995,996,997,998,999, 1000, 1002 e 1025 do polígono xx) así como que indiquen as medidas que se adoptaron ou adoptarán para resolver o grave problema trasladado na queixa.*

*É por iso que, emitido informe pola arquitecta técnica municipal con data 27.03.2023, previa visita de comprobación efectuada o 24.03.2023, no que se significaba que as parcelas 996,995,994,993,992,979,978,977,976,975,967,968,969,964,963,1035,961,933,932,930,929, 928, 927,1002,953,943, 944, 945, 946, 947, 949, 948, 950, 951, 952,954,957, 955, 956, 958, 960 do polígono xx, clasificadas polo PXOM de Vilagarcía de Arousa como solo rústico, atopábanse sen limpar e con presenza de arboredo, e consultada a base de datos catastrais, procedeuse a xirar requirimento de limpeza aos titulares catastrais das fincas, baixo apercebimento de incoar expediente de orde de execución e sancionador de persistir o incumprimento.*

*Con data 23.06.2023 emitiuse novo informe pola arquitecta técnica municipal no que se indica que non se procedeu a limpeza requirida polo que procede a continuación do expediente.*

*A vista do informado pola técnica municipal procederá en próximas datas, á incoación dos expedientes de orde de execución e sancionador co que foron apercibidos no requirimento de limpeza efectuado.”*

## ANÁLISE

Á vista do informe remitido, consta que o concello iniciou o 30 de marzo de 2023 o procedemento de notificación aos propietarios, apercibíndolles das consecuencias do incumprimento das súas obrigas, ao abeiro do artigo 22 e seguintes da Lei 3/2007. Porén, transcorrido dabondo o prazo conferido, non se procedeu á limpeza nin se deu inmediato traslado á Consellería de Medio Rural para o inicio dos procedementos sancionadores correspondentes. De feito, a arquitecta municipal constata o incumprimento da obriga legal de ter rozadas as parcelas e retiradas as especies arbóreas prohibidas antes do 31 de maio.

Cómpre sinalar que a denuncia da persoa que promove esta queixa deu lugar á apertura do expediente municipal en 2019; en 2021, o concello atribúe a competencia de vixilancia e execución á Xunta de Galicia, pola cualificación rústica das parcelas. Finalmente, asume a súa competencia ao tratarse de faixas secundarias de xestión da biomasa ao abeiro dos artigos 20 e concordantes da Lei 3/2007.

Manifesta o concello no seu último informe que procederá en próximas datas á incoación do expediente de orde de execución e sancionador co que foron apercibidos no requirimento de limpeza efectuado. Non se concretan esas datas.

Con todo, o elemento que cualifica este expediente con respecto a outros en materia de xestión das redes de faixas secundarias é que incide no suposto previsto no número 5 do artigo 22 da citada Lei 3/2007, que prevé a delimitación de **zonas de actuación prioritaria e urxente**, nas cales o incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión da biomasa vexetal ou a retirada de especies arbóreas prohibidas na data á que se refire o número 1 habilitará ás administracións públicas competentes **para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria** de tales obrigas, en función da presenza de factores obxectivos de risco tales como o carácter recorrente da produción de incendios forestais na zona.

Consta que na zona producíronse graves incendios en 2016, 2021 e, especialmente en 2022, e houbo que desaloxar aos veciños nalgúns deses episodios de lume.

O artigo 22.5 indica que, sen prexuízo dunha delimitación xeral, cando concorran razóns urxentes derivadas dunha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens no

caso de que non se efectúe decontado a xestión da biomasa e a retirada de especies prohibidas, as administracións públicas poderán delimitar, mediante resolución, nas faixas da súa competencia, unha ou varias zonas como de actuación prioritaria e urxente co fin de habilitar para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria en caso de incumprimento das obrigas de xestión da biomasa ou retirada de especies prohibidas por parte das persoas responsables antes do 31 de maio de cada anualidade.

### CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que o Concello de Vilagarcía de Arousa adopte as medidas precisas para dar cumprimento ao disposto no artigo 22.5 da Lei 3/2007 no relativo á delimitación mediante resolución, nas faixas da súa competencia, das zonas de actuación prioritaria e urxente co fin de habilitar para que se proceda de maneira inmediata á execución subsidiaria prevista na lei nas parcelas obxecto da queixa.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e lémbrolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo